



ÓRGANO COLEXIADO: Pleno Corporativo.

Nº DE SESIÓN: 8/2019

CARÁCTER: Extraordinaria.

### **ANUNCIO**

Con data 11 de xuño de 2019 o Sr.Alcalde en funcións ditou resolución co tenor literal que se indica:

**"RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA.- CONVOCATORIA DA SESIÓN CONSTITUTIVA DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL.**

*Resolución da Presidencia do órgano colexiado mais arriba mencionado, pola que se convoca sesión de carácter extraordinaria.*

*De acordo co disposto no artigo 46.2 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local e o art. 80 do Real Decreto Lexislativo 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía, RESOLVE:*

*PRIMEIRO.- Convocar a Sesión Extraordinaria do Pleno Corporativo a celebrar o día 15 de xuño, sábado, ás 12:00 horas, e dous días despois á mesma hora en segunda convocatoria en caso de non existir o quórum esixido na primeira, no Salón de Sesións da Casa do Concello, en cumprimento do previsto no artigo 37 do Real Decreto 2568/1986, de 23 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Funcionamento, Organización e Réxime xurídico das Entidades Locais, en relación á constitución das Corporacións Locais, coa seguinte*

### **ORDE DO DÍA**

**ÚNICO.- CONSTITUCIÓN DA NOVA CORPORACIÓN MUNICIPAL E ELECCIÓN DE ALCALDE.**

*SEGUNDO.- Notificar a presente Resolución aos proclamados electos advertíndolles que, conforme ao disposto no artigo 12.1 do citado RD 2568/1986, do 28 de novembro, deberán comunicar coa antelación necesaria calquera causa xustificada que implique a imposibilidade de asistir á citada sesión.*

*TERCEIRO.- Que pola Secretaría municipal se poña a disposición dos proclamados electos a*

---

**Concello de Tui**

Praza do Concello, 1, Tui. 36700 (Pontevedra). Tfno. 986603625. Fax: 986600570



*documentación dos asuntos incluídos na orde do día."*

O que se comunica para coñecemento e efectos.

Tui, o alcalde en funcións, Carlos Vázquez Padín.